



CONCELLO DE BARBADÁS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA :

Barbadás, a data da sinatura dixital do documento.

Visto o informe da Concellería de Cultura e Educación na que expón a necesidade urxente e inaprazable de contratar monitores/as socioculturais para o desenvolvemento dos campamentos “Barbadás Concilia Verán 2021”.

Tendo en conta que, según se expón, a bolsa de emprego para dita categoría está en tramitación e non estará vixente para o comenzo de ditos campamentos o día 5 de xullo de 2021.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención emitidos ao respecto, e tendo en conta o carácter excepcional e urxente das circunstancias expostas, para poder atender á demanda dos campamentos.

Tendo en conta que as bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de monitores/as socioculturais establecen criterios para a valoración de méritos.

En virtude das facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.

Aprobar a oferta de emprego que figura no Anexo da presente Resolución, que será enviada á correspondente Oficina de Emprego para a súa tramitación. Á vez, dita oferta será anunciada na páxina web e na sede electrónica municipais.

SEGUNDO.

Aprobar, para a selección dos/as candidatos/as, os mesmos criterios de valoración de méritos que se fixados nas bases reguladoras do proceso selectivo para a creación da bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de monitores/as socioculturais, que son:

1.1. Experiencia profesional. Máximo de 5 puntos.

Valorarase o desempeño de funcións similares, con igual ou superior nivel á especialidade ofertada, até un máximo de 5 puntos, distinguíndose en función da seguinte relación:

- Nas Administracións Públicas ou en empresa privada ou pública: 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados.





CONCELLO DE BARBADÁS

2.2 Pola realización de cursos ou xornadas relacionadas co contido do Posto de Traballo:

Máximo de 3 puntos

- Cursos de duración menor a 20 horas:0,10 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 20 e 30 horas:0,20 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 31 e 40 horas:0,30 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 41 e 50 horas:0,40 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 51 e 80 horas:0,50 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 81 e 100 horas:0,80 puntos por curso.
- Cursos de duración superior a 100 horas:1 puntos por curso.


2.3 Por coñecemento acreditado do idioma galego a través de títulos CELGA, computarase unicamente o grao superior alegado. Máximo de 2 puntos

- CELGA 1: 0,40 puntos.
- CELGA 2: 0,80 puntos.
- CELGA 3: 1,20 puntos.
- CELGA 4: 1,60 puntos.
- CELGA 5: 2 puntos.

Soamente se valorará o curso de maior nivel.

Para calquera titulación distinta das anteriores estarase ao disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis do coñecemento da lingua galega (Celga). DO num.34, 19 de febreiro de 2014.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar a favor do aspirante que obtivese máis puntuación na experiencia profesional, se persetir o empate no que obtivese maior puntuación en cursos de formación, e en último caso a favor de quen teña máis idade.





CONCELLO DE BARBADÁS

Procederase á contratación daqueles candidatos/as que obtivesen maior puntuación.

TERCEIRO.

Dar a conta da presente Resolución ao Pleno.

Mándao e asíno o señor Alcalde de Barbadás, do que eu como Secretaria dou fe.

En Barbadás, a data da sinatura dixital do documento.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE.

